



CONCELLO DE TEO

D.^a VIRGINIA FRAGA DÍAZ, SECRETARIA XERAL DO CONCELLO DE TEO (A CORUÑA),

CERTIFICA:

Que o Pleno da Corporación, na sesión ordinaria celebrada o 29 de outubro de 2025, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

6.- MOCIÓN.

1.- Moción sobre o día mundial da infancia 2025, do 29 de outubro de 2025.

Entrados neste punto a sra. alcaldesa explica que hai unha moción do seu grupo referida ao día mundial da infancia 2025.

A sra. alcaldesa explica que UNICEF remitiu unha declaración institucional, que lle foi trasladada ao resto dos membros da Corporación, debéndose someter a votación a urxencia a mesma.

Sometida a urxencia a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes (8 PP, 2 PSdeG-PSOE, 2 BNG e 2 PXC) e co quórum da maioría absoluta do número legal dos seus membros, acorda que se proceda ao debate e posterior votación da moción do grupo municipal do PP sobre o día mundial da infancia 2025, do 29 de outubro de 2025.

A sra. alcaldesa cede a palabra ao concelleiro de servizos sociais, familia, infancia, 3ª idade e relacións veciñais, D. Juan Jesús Cerqueiro Pintos, que da lectura ao documento que se recolle a continuación.

“DÍA MUNDIAL DA INFANCIA 2025

A aprobación da Convención sobre os Dereitos do Neno por parte das Nacións Unidas o 20 de novembro de 1989, foi un fito que transformou a visión da infancia nas nosas sociedades. Os nenos, nenas e adolescentes deixaron de ser considerados meros



CONCELLO DE TEO

receptores de cuidados para converterse en suxeitos de dereitos, con voz, axencia e capacidade de transformación.

Cada ano, esta data lémbra-nos o compromiso colectivo de garantir os dereitos fundamentais de todos os nenos e nenas, promovendo o seu benestar, protección e participación activa na sociedade. As entidades locais, como institucións máis próximas á cidadanía, teñen un papel esencial na creación de contornas seguras, inclusivas e protectoras para a infancia. Por iso cómpre conmemorar o Día Mundial da Infancia non só para recoñecer os avances logrados, senón para evidenciar os retos persistentes, emerxentes, e nalgúns casos crecentes, que ameazan o benestar e o desenvolvemento da infancia en todo o mundo, especialmente en contextos de conflito e guerra.

Garantir os dereitos da infancia non é só unha obriga legal, senón un imperativo ético. Non é unha cuestión de voluntariedade, senón de compromiso, responsabilidade e prioridade no cumprimento dos seus dereitos. Cada neno e nena merece crecer nun ambiente seguro, saudable, garante dos seus dereitos, impulsor de oportunidades e participativo. Dado o noso rol preto da cidadanía, desde as institucións locais debemos redobrar esforzos para que ningún neno ou nena quede atrás, para ofrecer espazos de participación e para impulsar os dereitos da infancia.

Neste Día Mundial da Infancia, reafirmamos o noso compromiso coa infancia, na nosa localidade e contorna, pero tamén coa infancia noutros lugares do mundo, porque protexer e escoitar á infancia, a todas as infancias, en calquera lugar do mundo, é crucial hoxe e mañá.

Como responsables políticos debemos preguntarnos se estamos facendo o suficiente para protexer, promover e realizar os dereitos da infancia; se estamos destinando recursos abondo; se estamos tendo en conta as súas propostas cando tomamos decisións, se consideramos ós nenos, nenas e adolescentes de maneira prioritaria.



CONCELLO DE TEO

Son moitos os desafíos ós que debemos enfrontarnos; retos trasladados por parte de UNICEF España ao Comité dos Dereitos do Neno e ante os cales, todos os niveis da Administración pública deben estar aliñados e coordinados, co fin de priorizar o interese superior do neno ou nena en calquera decisión, para iso nos comprometemos a traballar para:

Dar prioridade ós nenos, nenas e adolescentes en risco de pobreza e/ou exclusión:

Implementar medidas aliñadas coa Garantía Infantil Europea, co fin de abordar a elevada taxa de pobreza infantil, crecente como evidencia a taxa de pobreza de ingreso para a infancia o cal pasou de 28,9% en 2024 ao 29,2% en 2025.

Universalizar o primeiro ciclo de educación infantil de 0 a 3 anos, como unha medida eficaz para romper o ciclo de pobreza interxeracional.

Facilitar o acceso efectivo de toda a infancia a instalacións e actividades culturais, de lecer e deportivas, mediante un sistema que permita superar ás familias barreiras de custos, por exemplo.

Reducir as barreiras que atopa a infancia migrante e outros colectivos vulnerables para acceder ós seus dereitos sociais básicos, como a educación ou a atención en saúde, incluíndo a mental, combatendo tamén a estigmatización. Reforzar o principio segundo o cal, nenos e nenas non perden os seus dereitos ao cruzar unha fronteira.

Promover iniciativas que aseguren o acceso a unha vivenda adecuada, así como unha planificación urbana onde se lle dea prioridade o benestar da infancia.

Escoitar a opinión dos nenos, nenas e adolescentes:

Considerar as súas propostas e a súa visión a nivel local. Como cidadáns e cidadás, ter en conta as súas ideas é fundamental para mellorar a contorna e a planificación local.



CONCELLO DE TEO

Reforzar o compromiso para render contas, abrindo espazos para que nenas, nenos e adolescentes, reciban seguimento ás ideas e propostas que realizan. Terase especialmente en conta nenos, nenas e adolescentes con maior vulnerabilidade.

Protexer a infancia:

Potenciar programas e mecanismos de protección fronte aos riscos da contorna dixital.

Mellorar a coordinación entre todas as institucións e actores a nivel local, poñendo a protección da infancia no centro, despregando efectivamente a Lei orgánica de protección integral á Infancia e a Adolescencia fronte á Violencia (LOPVI).

Prever, promover e atender as necesidades da infancia co fin de que disfruten dunha adecuada saúde mental.

Promover contornas seguros, limpas e saudables:

Incorporar programas para o fomento dunha mobilidade segura e independente para a infancia, mediante infraestruturas e sistemas que a fomenten.

Dar prioridade ó coidado e o benestar dos nenos, nenas e adolescentes, velando pola súa adecuada saúde mental e asegurar o seu adecuado desenvolvemento na nosa localidade.

Implementar medidas para que nenos e as nenas vivan, crezan e se desenvolvan en ambientes sans e seguros. As súas vidas, saúde e posibilidades de desenvolvemento, serán protexidos fronte a calquera perigo por mor de danos ambientais como a contaminación ou temperaturas extremas.

Comprometidos coa infancia en calquera lugar:

Especialmente cos dereitos dos nenos, nenas e adolescentes que viven en lugares en conflito ou están a superar situacións de emerxencia. No caso de Gaza, é imprescindible que as partes se adhiran ós termos do acordo e garantan que o alto ao fogo se respecte, se manteña e conduza a unha paz duradeira, poñendo fin ao grave sufrimento dos nenos e nenas.



CONCELLO DE TEO

Por iso neste Día Mundial da Infancia, reafirmamos o noso compromiso coa construción dunha sociedade máis xusta, con dereitos, equitativa e protectora para todos os nenos, nenas e adolescentes.

En Teo, a 29 de outubro de 2025.”

(....)

Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes (8 PP, 2 PSdeG-PSOE, 2 BNG e 2 PXC), acorda aprobar a DECLARACIÓN DO DÍA MUNDIAL DA INFANCIA 2025, que se reproduce a continuación:

“DIA MUNDIAL DA INFANCIA 2025

A aprobación da Convención sobre os Dereitos do Neno por parte das Nacións Unidas o 20 de novembro de 1989, foi un fito que transformou a visión da infancia nas nosas sociedades. Os nenos, nenas e adolescentes deixaron de ser considerados meros receptores de coidados para converterse en suxeitos de dereitos, con voz, axencia e capacidade de transformación.

Cada ano, esta data lémbra-nos o compromiso colectivo de garantir os dereitos fundamentais de todos os nenos e nenas, promovendo o seu benestar, protección e participación activa na sociedade. As entidades locais, como institucións máis próximas á cidadanía, teñen un papel esencial na creación de contornas seguras, inclusivas e protectoras para a infancia. Por iso cómpre conmemorar o Día Mundial da Infancia non só para recoñecer os avances logrados, senón para evidenciar os retos persistentes, emerxentes, e nalgúns casos crecentes, que ameazan o benestar e o desenvolvemento da infancia en todo o mundo, especialmente en contextos de conflito e guerra.

Garantir os dereitos da infancia non é só unha obriga legal, senón un imperativo ético. Non é unha cuestión de voluntariedade, senón de compromiso, responsabilidade e prioridade no cumprimento dos seus dereitos. Cada neno e nena merece crecer nun ambiente seguro, saudable, garante dos seus dereitos, impulsor de oportunidades e participativo.



CONCELLO DE TEO

Dado o noso rol preto da cidadanía, desde as institucións locais debemos redobrar esforzos para que ningún neno ou nena quede atrás, para ofrecer espazos de participación e para impulsar os dereitos da infancia.

Neste Día Mundial da Infancia, reafirmamos o noso compromiso coa infancia, na nosa localidade e contorna, pero tamén coa infancia noutros lugares do mundo, porque protexer e escoitar á infancia, a todas as infancias, en calquera lugar do mundo, é crucial hoxe e mañá.

Como responsables políticos debemos preguntarnos se estamos facendo o suficiente para protexer, promover e realizar os dereitos da infancia; se estamos destinando recursos abondo; se estamos tendo en conta as súas propostas cando tomamos decisións, se consideramos ós nenos, nenas e adolescentes de maneira prioritaria.

Son moitos os desafíos ós que debemos enfrontarnos; retos trasladados por parte de UNICEF España ao Comité dos Dereitos do Neno e ante os cales, todos os niveis da Administración pública deben estar aliñados e coordinados, co fin de priorizar o interese superior do neno ou nena en calquera decisión, para iso nos comprometemos a traballar para:

Dar prioridade ós nenos, nenas e adolescentes en risco de pobreza e/ou exclusión:

Implementar medidas aliñadas coa Garantía Infantil Europea, co fin de abordar a elevada taxa de pobreza infantil, crecente como evidencia a taxa de pobreza de ingreso para a infancia o cal pasou de 28,9% en 2024 ao 29,2% en 2025.

Universalizar o primeiro ciclo de educación infantil de 0 a 3 anos, como unha medida eficaz para romper o ciclo de pobreza interxeracional.

Facilitar o acceso efectivo de toda a infancia a instalacións e actividades culturais, de lecer e deportivas, mediante un sistema que permita superar ás familias barreiras de custos, por exemplo.



CONCELLO DE TEO

Reducir as barreiras que atopa a infancia migrante e outros colectivos vulnerables para acceder ós seus dereitos sociais básicos, como a educación ou a atención en saúde, incluíndo a mental, combatendo tamén a estigmatización. Reforzar o principio segundo o cal, nenos e nenas non perden os seus dereitos ao cruzar unha fronteira.

Promover iniciativas que aseguren o acceso a unha vivenda adecuada, así como unha planificación urbana onde se lle dea prioridade o benestar da infancia.

Escoitar a opinión dos nenos, nenas e adolescentes:

Considerar as súas propostas e a súa visión a nivel local. Como cidadáns e cidadás, ter en conta as súas ideas é fundamental para mellorar a contorna e a planificación local.

Reforzar o compromiso para render contas, abrindo espazos para que nenas, nenos e adolescentes, reciban seguimento ás ideas e propostas que realizan. Terase especialmente en conta nenos, nenas e adolescentes con maior vulnerabilidade.

Protexer a infancia:

Potenciar programas e mecanismos de protección fronte aos riscos da contorna dixital.

Mellorar a coordinación entre todas as institucións e actores a nivel local, poñendo a protección da infancia no centro, despregando efectivamente a Lei orgánica de protección integral á Infancia e a Adolescencia fronte á Violencia (LOPVI).

Previr, promover e atender as necesidades da infancia co fin de que disfruten dunha adecuada saúde mental.

Promover contornas seguros, limpas e saudables:

Incorporar programas para o fomento dunha mobilidade segura e independente para a infancia, mediante infraestruturas e sistemas que a fomenten.



CONCELLO DE TEO

Dar prioridade ó coidado e o benestar dos nenos, nenas e adolescentes, velando pola súa adecuada saúde mental e asegurar o seu adecuado desenvolvemento na nosa localidade.

Implementar medidas para que nenos e as nenas vivan, crezan e se desenvolvan en ambientes sans e seguros. As súas vidas, saúde e posibilidades de desenvolvemento, serán protexidos fronte a calquera perigo por mor de danos ambientais como a contaminación ou temperaturas extremas.

Comprometidos coa infancia en calquera lugar:

Especialmente cos dereitos dos nenos, nenas e adolescentes que viven en lugares en conflito ou están a superar situacións de emerxencia. No caso de Gaza, é imprescindible que as partes se adhiran ós termos do acordo e garantan que o alto ao fogo se respecte, se manteña e conduza a unha paz duradeira, poñendo fin ao grave sufrimento dos nenos e nenas.

Por iso neste Día Mundial da Infancia, reafirmamos o noso compromiso coa construción dunha sociedade máis xusta, con dereitos, equitativa e protectora para todos os nenos, nenas e adolescentes”.

E para que conste, expido e asino a presente, de orde e co visto e prace da sra. alcaldesa, coa reserva do artigo 206 do R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, en Teo, na data da sinatura dixital do presente.

A secretaria xeral

Virginia Fraga Díaz

Visto e prace

A alcaldesa

Lucía Calvo de la Uz